

Convenio de colaboración entre a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional da Xunta de Galicia e a Fundación Sociedad Española de Farmacia Clínica y Comunitaria para o proxecto “CONÓCEME”

En Santiago de Compostela.

REUNIDOS

Dunha parte, Don **ROMÁN RODRÍGUEZ GONZÁLEZ**, conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, que actúa en virtude das facultades atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, de acordo co seu nomeamento polo Decreto 44/2024 do 14 de abril, polo que se nomean os titulares das consellerías da Xunta de Galicia, e do establecido no Decreto 138/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional (en diante Consellería).

Da outra, Don **VICENTE JAVIER BAIXAULI FERNÁNDEZ**, con DNI 22.564.197-R, en calidade de Presidente da Fundación Sociedad Española de Farmacia Clínica, Familiar y Comunitaria (en diante Fundación SEFAC), elixido para este cargo na asemblea do 22 de outubro de 2020, con CIF G-67407296 e domicilio social en Paseo de las Delicias , nº 31, esc. izd. 4º Dcha., 28045 Madrid; constituída mediante Escritura de data 11 de marzo de 2019, autorizada polo Notario de Barcelona, Dona María de Zulueta Sagarra, co núm. 794 do seu protocolo, e inscrita no Rexistro de Fundacións co núm. 2233, mediante Resolución da Dirección Xeral dos Rexistros e do Notariado, de data 5 de setembro de 2019.



EXPOÑEN

1. Que a Consellería é o departamento da Xunta de Galicia ao que lle corresponden as competencias e funcións en materia de planificación, regulación e administración do ensino regrado en toda a súa extensión, niveis, graos, modalidades e especialidades, tal e como establece o Decreto 138/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional.

2. Que a Consellería considera como un dos piares fundamentais dun sistema educativo de calidade a atención á diversidade do alumnado, o que esixe unha acción educativa integral que dea resposta axeitada ás necesidades específicas de apoio educativo, sendo necesario, para este fin, contar con toda a comunidade educativa así como coas entidades, asociacións ou entidades sen ánimo de lucro que adiquen os seus esforzos a esta finalidade.

Neste sentido, tanto na normativa educativa estatal, na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, modificada pola Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, así como no desenvolvemento curricular estatal e da Comunidade Autónoma de Galicia, faise explícita a necesidade do coñecemento e prevención de enfermidades e a promoción de hábitos de vida saudables.

3. Que a Lei Orgánica 3/2020, de 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de educación, refire no seu artigo 2.h) que un dos fins do sistema educativo é o desenvolvemento de hábitos saudables e no seu artigo 23.k. recoñece dentro dos obxectivos da etapa de Educación Secundaria Obrigatoria o "...afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais" e "Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde...". Do mesmo xeito, nos seus artigos 24.5 e 25.6 determina que, "en todo caso, se fomentará(n) de maneira transversal a educación para a saúde".

4. Así mesmo, o artigo 71.2 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, di que "Corresponde ás Administracións educativas asegurar os recursos necesarios para que os alumnos e alumnas que requiran unha atención educativa



diferente á ordinaria, por presentar necesidades educativas especiais, por atraso madurativo, por trastornos do desenvolvemento da linguaxe e a comunicación, por trastornos de atención ou de aprendizaxe, por descoñecemento grave da lingua de aprendizaxe, por atoparse en situación de vulnerabilidade socioeducativa, polas súas altas capacidades intelectuais, por incorporarse tarde ao sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar, poidan alcanzar o máximo desenvolvemento posible das súas capacidades persoais e, en todo caso, os obxectivos establecidos con carácter xeral para todo o alumnado” e o establecemento de convenios de colaboración con entidades que atenden a este alumnado vai axudar no cumprimento da normativa.

5. Que a Fundación SEFAC é una entidade constituída ao amparo da Lei 50/2002, de 26 de decembro de Fundacións e que está suxeita fiscalmente á Lei 29/2002, de 23 de decembro de réxime fiscal das entidades sen fins de lucro e dos incentivos fiscais ao mecenado.

6. Que a Fundación SEFAC ten entre os seus fins o favorecer e potenciar a atención farmacéutica e o uso racional do medicamento en todas as persoas cidadás en España, especialmente dos que padecen enfermidades crónicas e son máis dependentes e vulnerables co obxectivo de conseguir que mellore o cumprimento dos tratamentos e evitar, reducir e, no seu caso, resolver, a morbimortalidade asociada ao uso dos medicamentos.

7. Que a FUNDACIÓN SEFAC creou en 2018 e leva desenvolvendo desde entón o proxecto educativo “CONÓCEME: conoce el medicamento, descubre al farmacéutico”. Este programa é unha iniciativa que a Fundación SEFAC pon ao dispor da comunidade educativa a través dos seus socios coa finalidade de realizar unha intervención educativa sobre os estudantes adolescentes no ámbito do medicamento que permita o seu uso racional a medio e longo prazo.

Os obxectivos do proxecto CONÓCEME son:

- a. Infundir bos hábitos no autocuidado e na adherencia terapéutica nos e nas adolescentes.
- b. Involucrar ao farmacéutico comunitario na educación sanitaria sobre o medicamento alén do seu eido normalizado de actuación como un



facultativo experto do medicamento en intervención para a mellora da saúde pública.

A actividade consiste nunha actividade educativa grupal impartida en dúas sesións formativas nos centros educativos por un ou dous farmacéuticos comunitarios sobre el uso adecuado de medicamentos e especialmente de antibióticos a estudantes de 3º e 4º de Ensinanza Secundaria Obrigatoria e 1º de Bacharelato. Este proxecto non terá en ningún caso por obxecto a incentivación da dispensación ou a promoción ou publicidade dos medicamentos.

8. Que o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, dispón que o alumnado con necesidade específica de apoio educativo pode requirir “apoios ou provisións educativas diferentes ás ordinarias e que a consellería con competencias en materia de educación promoverá a colaboración entre as distintas administracións, entidades, asociacións e outras organizacións sen ánimo de lucro e con atribucións na prevención, detección temperá e intervención educativa co alumnado, establecendo protocolos comúns de actuación e favorecendo o intercambio de información e a difusión de boas prácticas”.

En atención a estas consideracións, as dúas entidades teñen a vontade de sumar os esforzos que realizan no campo do coñecemento e prevención de enfermidades e a promoción de hábitos de vida saudables.

En consecuencia, a Consellería e a Fundación SEFAC acordan subscribir este convenio conforme as seguintes

CLÁUSULAS

Primeira. *Obxecto do convenio*



O convenio ten por obxecto establecer as condicións da colaboración entre a Consellería e a Fundación SEFAC nas accións e actividades dirixidas a levar a cabo o proxecto CONÓCEME para o curso académico 2024-2025 nas catro provincias galegas.

Segunda. Persoas beneficiarias

As persoas beneficiarias da colaboración prevista neste convenio serán directamente o alumnado de 3º e 4º de Ensinanza Secundaria Obrigatoria e 1º de Bacharelato, etapas reguladas pola Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro, escolarizado en centros sostidos con fondos públicos dependentes da Consellería, o profesorado e as familias dese alumnado.

Terceira. Obrigas das partes

Os compromisos das partes que se derivan da subscripción deste Convenio de colaboración son os seguintes:

Por parte da Consellería:

- Enviar información aos centros educativos informando do proxecto CONÓCEME por se quixeran participar neste ano escolar 2024-2025.
- Facilitar o uso da súa sede para reunións e formacións relacionadas co proxecto.
- Mencionar e facer visible o logo da Consellería xunto co da FUNDACIÓN SEFAC. como entidade colaboradora principal nas comunicacións da organización do proxecto, sen prexuízo da participación daquelas outras entidades cuxo logo poida aparecer tamén, sexa en concepto de patrocinadoras ou como colaboradoras na organización do mesmo.

Por parte de SEFAC:

- Sufragar os gastos derivados da coordinación do proxecto



- Organizar, planificar e coordinar, o proxecto COÑÉCEME cos centros educativos e a Consellería.

- Asegurar que as persoas que desenvolverán as accións formativas nos centros cumpran co requisito establecido no apartado 5 do artigo 13 establecido pola Lei 26/2015, de 28 de xullo, de modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia (BOE do 29), que modifica a Lei Orgánica 1/1996, de 15 de xaneiro, de Protección do Menor, de modificación parcial do Código Civil y de la Lei de Axuizamento Civil: "será requisito para o acceso e o exercicio das profesións, oficios e actividades que impliquen contacto habitual con menores, o non ter sido condenado por sentenza firme por algún delito contra a liberdade e indemnidade sexual, que inclúe a agresión e abuso sexual, acoso sexual, exhibicionismo e provocación sexual, prostitución e explotación sexual e corrupción de menores, así como por trata de seres humanos. Para ese efecto, quen pretenda o acceso a tales profesións, oficios ou actividades deberá acreditar esta circunstancia mediante a achega dunha certificación negativa do Rexistro Central de delincuentes sexuais. Dito certificado deberá amosarse á Dirección de cada un dos centros educativos nos que se leve a cabo a actividade.

- Facilitar á Consellería ao final do curso escolar os resultados obtidos do proxecto en cada provincia.

- Difundir entre os seus asociados polas súas canles habituais, e conforme á súa política interna de comunicación, a participación no proxecto CONÓCEME, facilitándolles a información necesaria para que poidan inscribirse e participar nel voluntariamente.

- Sufragar os gastos derivados do proxecto a aqueles asociados que participen como farmacéuticos comunitarios voluntarios para o proxecto.

- Colaborar na promoción do proxecto e nas relacións institucionais coas autoridades educativas e sanitarias.

- Mencionar e facer visible o logo da Consellería xunto ao da FUNDACIÓN SEFAC, como entidade colaboradora principal na difusión do proxecto e organización do proxecto, sen prexuízo da participación daqueloutras entidades



cuxo logo poida aparecer tamén, xa sexa en concepto de patrocinadoras ou como colaboradoras na organización do mesmo.

Cuarta. *Propiedade intelectual e industrial*

Os dereitos de propiedade intelectual ou industrial derivada dos relatorios e traballos que se poidan levar a cabo ao amparo do convenio corresponderán en exclusiva a FUNDACIÓN SEFAC. No que respecta a os dereitos inherentes á autoría outorgarase o recoñecemento correspondente a quen interviñese, que terá o dereito moral de autor na medida na que lle corresponda.

Quinta. *Uso de logos e distintivos*

A utilización por calquera das partes dos logos, marcas e distintivos da outra para calquera acción que derive deste convenio, esixirá a previa autorización por escrito do seu titular en relación ao soporte concreto que se desexe utilizar, que deberá ser remitido con antelación suficiente para o seu estudo.

Nada neste convenio será considerado coma se algunha das partes cedese á outra parte ningún dereito, título ou interese da propiedade industrial e intelectual que sexa da súa titularidade. As partes conservarán todos os dereitos sobre os seus respectivos nomes, logos, marcas e/o calquera outros bens protexidos polas normas vixentes en materia de propiedade industrial e intelectual.

Sexta. *Financiamento*

Este convenio non leva consigo aparelladas obrigas económicas para ningunha das partes.

Sétima. *Relacións laborais*

A subscrición deste convenio non implica relación laboral contractual ou de calquera outro tipo entre o persoal da Fundación Sociedad Española de Farmacia Clínica y Comunitaria e a Xunta de Galicia, de tal modo que non se lle poderá



esixir ningunha responsabilidade, nin directa, nin indirecta, nin subsidiaria, polos actos ou feitos ocorridos durante a execución das actuacións e/ou a vixencia deste convenio.

Oitava. *Comisión de seguimento*

1. Para a coordinación e desenvolvemento deste convenio constituirase unha comisión mixta, formada por catro persoas. Cada unha das partes designará dúas, correspondendo a presidencia e a secretaría da comisión ás persoas representantes da Consellería.

2. A comisión reunirse, con carácter ordinario, unha vez cada curso escolar. A reunión terá lugar no primeiro trimestre do curso, logo da convocatoria realizada pola presidencia da comisión, e sempre que unha das partes o solicite.

3. Correspóndenlle á comisión mixta as seguintes atribucións:

a) Velar polo adecuado desenvolvemento do convenio e resolver calquera dúbida que se xere respecto del, sen prexuízo do establecido na lexislación correspondente.

b) Analizar o funcionamento desta colaboración e realizar, de ser o caso, propostas de mellora.

c) Elaborar unha ficha de seguimento anual do convenio sobre o funcionamento do mesmo.

d) Difundir e promover o convenio asinado entre ambas as partes.

A actuación da Comisión de Seguimento axustarase ao establecido nos preceptos básicos da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, e na Lei 16/2010, de 17 decembro, de organización e funcionamento da administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

Novena. *Natureza e réxime xurídico*



Este convenio ten natureza administrativa, e queda fóra do ámbito da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, que os exclúe expresamente no artigo 6.

Segundo o artigo 4 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, as relacións xurídicas, os negocios e os contratos excluídos do ámbito desta lei rexeranse polas súas normas especiais, aplicándose os principios da mesma para resolver as dúbidas e lagoas que se puidesen presentar.

Así pois, as dúbidas que puidesen xurdir en relación coa interpretación das cláusulas deste convenio, serán resoltas pola comisión mixta. En caso de discrepancias, serán competentes os órganos xudiciais da orde contencioso-administrativa, tralo esgotamento da vía administrativa.

Décima. *Protección de datos e confidencialidade*

Ambas as partes comprométense a cumprir as obrigas que se derivan da normativa en protección de datos que se desprende da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, ditada para adaptar a lexislación española ao Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se deroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos).

Os datos persoais das persoas físicas asinantes do Convenio serán tratados polas partes asinantes unicamente para a adecuada formalización e desenvolvemento do mesmo e en base ao disposto no artigo 6.1 b) do RXPD e serán conservados polas partes durante o tempo de vixencia do convenio e á súa terminación, polo tempo de prescrición das posibles responsabilidades xurídicas de todo orde.

O exercicio dos dereitos de acceso, rectificación, cancelación, oposición, portabilidade, limitación do tratamento e esquecemento, poderase levar a cabo nos termos legais mediante comunicación á respectiva entidade:



- No caso da Consellería:

Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional.
Edificios administrativos - San Caetano, s/n - 15781 Santiago de Compostela.
Email: sxiof.educacion@xunta.gal

- No caso de SEFAC: FUNDACIÓN SEFAC. Paseo de las Delicias, 31 – Esc. Izq. 4º Dcha., - 28045 Madrid (Madrid). E-mail: dpd@sefac.org

En ambos casos, se se considera que o tratamento dos datos persoais non se axusta á normativa vixente, tamén ten dereito a presentar unha reclamación ante a Autoridade de control (www.aepd.es)

Décimo primeira. *Transparencia*

As partes asinantes deberán cumprir coas obrigas derivadas da entrada en vigor da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. Para tal fin, as partes aceptan que o texto do convenio se publique no Portal de Transparencia e Goberno Aberto da Xunta de Galicia, incluíndo os datos identificativos das persoas asinantes.

Décimo segunda. *Resolución*

Serán causas de resolución deste convenio:

- O incumprimento do seu obxecto.
- O incumprimento por calquera das partes dos compromisos asumidos no acordo, sempre que a parte incumplidora, despois de recibir un escrito da outra parte denunciando o incumprimento e solicitando a súa corrección, non proceda dentro dun prazo de quince (15) días naturais desde a notificación, a emendar o incumprimento e cumprir así coas obrigacións contractuais que lle son propias. A parte prexudicada poderá pedir indemnización dos danos e prexuízos que sufrise.
- O acordo unánime de todos os asinantes.
- A decisión xudicial declarativa da nulidade do convenio.



Décimo terceira. *Vixencia*

Este convenio entrará en vigor o día da súa sinatura, e durará ata finais do curso académico 2024-2025, isto é o día 31 de agosto de 2025, podendo ser prorrogado expresamente por cursos académicos sucesivos, salvo denuncia expresa dunha das partes asinantes e cunha notificación á outra de dous meses de antelación. O seu contido poderá ser modificado, por mutuo acordo das partes, mediante a subscrición do oportuno acordo de modificación.

Os convenios subscritos pola Administración xeral da Comunidade Autónoma e as entidades instrumentais do sector público autonómico poderán ser obxecto de modificación cando teñan como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira. As ditas modificacións terán por obxecto a redución do volume das obrigas ou a modificación do seu prazo de execución.

De conformidade co establecido no artigo 49 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, a vixencia máxima das prórrogas do convenio non poderá superar o límite temporal establecido.

Décimo cuarta. Notificación electrónica

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración e, os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notifica.gal, (<https://notifica.xunta.gal>). Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun



certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

Lido o Convenio asínase dixitalmente polas partes.

POLA CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN,
CIENCIA, UNIVERSIDADES E
FORMACIÓN PROFESIONAL,

O CONSELLEIRO,

Román Rodríguez González

POLA FUNDACIÓN SOCIEDAD
ESPAÑOLA DE FARMACIA CLÍNICA Y
COMUNITARIA,

O PRESIDENTE,

Vicente Javier Baixauli Fernández

